

# SERVIZO DE RADIOLOXÍA DO CHUP

## PRESENTACIÓN DO SERVIZO



*Introducción a la Especialidad*

*Especialidad médica ( RD 127/1984) que tiene como fin el diagnóstico y tratamiento de las enfermedades, usando como soporte técnico la imagen y datos morfológicos y funcionales obtenidos mediante el uso de radiaciones ionizantes, no ionizantes u otras fuentes de energía ( CNE).*





*Incluye: conocimiento, desarrollo, realización e interpretación de las técnicas diagnósticas y terapéuticas e incluye la práctica de la Radiología Integrada (identificación del problema clínico, indicación de la prueba, elección y secuencia, emisión del informe y seguimiento).*

Actualmente a Radioloxía Médica é unha especialidade altamente ligada aos sistemas de información, á informática e ás TIC, que nos permiten xestionar todo o proceso radiolóxico do paciente, desde o diagnóstico, emisión do informe, arquivo de imaxes, control de actividade, xestión informática de citas e integración con outros sistemas de información hospitalarios.

Todo isto leva consigo unha modificación no papel do radiólogo, actualmente con maior peso no proceso asistencial do paciente, no diagnóstico, seguimento e determinación evolutiva da resposta terapéutica.

### Introducción y ámbito de acción.




- Especialidad hospitalaria y extrahospitalaria(A. primaria).
- Incorporación de nuevas tecnologías de la información y comunicación en el ámbito sanitario.
- Alta tecnología, informática y digitalización.
- Los TICs : gestión del proceso radiológico y archivo: SIDI, PACs, HIS y IANUS.
- Transformación en la actividad del radiólogo:mayor implicación en el proceso asistencial diagnóstico y terapéutico.
- Digitalización de la imagen, rápido acceso .

Cunha poboación de 308 609 habitantes na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, o Servizo de Radioloxía de Pontevedra divídese na súa localización en Hospital Montecelo e Hospital Provincial, que se percibe como servizo único desde o ano 2004. Integra a asistencia do Salnés e é referencia en determinadas exploracións específicas.

A radioloxía de atención primaria conta con centro de radioloxía no Ambulatorio Virxe Peregrina, no Centro de Saúde de Marín e no Centro de Saúde de Baltar.

No Hospital Público do Salnés inclúese igualmente a área de radioloxía de atención primaria para os centros de saúde de referencia.



## PROFESSIONAIS DO SERVIZO

<b>Responsable do servizo</b>	Dra. M. <sup>a</sup> Dolores Durán Vila Xefa de Servizo
<b>Xefa de Sección</b> <b>Hospital Público do Salnés</b>	Dra. M. <sup>a</sup> Luisa Martínez Campos
<b>Persoal facultativo</b>	<b>Facultativos especialistas de área:</b> 29 <b>Médicos internos residentes:</b>
<b>Persoal de enfermería:</b>	<p><b>Supervisoras:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Adela Sánchez Núñez</b> Supervisora do Servizo de Radioloxía do Hospital Montecelo</li> <li>• <b>Francisco Rey Fraile</b> Supervisor do Servizo de Radioloxía do Hospital Provincial</li> <li>• <b>Rosa Arcos Esperón</b> Supervisora do Servizo de Radioloxía de atención primaria</li> </ul> <p><b>Enfermeiras:</b> 11</p> <p><b>Técnicos especialistas de radiodiagnóstico:</b> 48</p> <p><b>Técnicos en coidados auxiliares de enfermería:</b> 2</p>

## LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Están localizados no Hospital Montecelo, Hospital Provincial e Hospital Público do Salnés.

Teléfonos:

- Secretaría do Hospital Montecelo: 986 800 028 / 986 800 586 / 986 800 491
- Secretaría do Hospital Provincial: 986 808 227
- Secretaría do Hospital Público do Salnés: 986 800 000 extensión 248 185

A radioloxía de atención primaria na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés sitúase maioritariamente no Ambulatorio Virxe Peregrina.


Secretaría do Servizo de Radioloxía do Ambulatorio Virxe Peregrina: 986 800 000, extensión 283 004.

# CARTEIRA DE SERVIZOS


A nosa carteira de servizos inclúe actividade asistencial, docente e investigadora.

Dentro da actividade asistencial, todos os procedementos diagnósticos e terapéuticos engloban o catálogo de procedementos elaborado pola SERAM.

Actualmente, na nosa carteira de servizos non se dispón de neurorradioloxía intervencionista.




A nosa participación en comités multidisciplinares cambia a visión do proceso radiolóxico e é fundamental a elaboración consensuada de protocolos e guías clínicas.



Dentro da nosa carteira de servizo asistencial, cabe mencionar procesos integrados que fan referencia aos procesos intervencionistas diagnósticos e terapéuticos.



O proceso asistencial de Vía rápida de mama e cancro de mama, dentro da Unidade de Mama, actualmente, é unha das Unidades que participan no cribado do cancro de mama.



## ACTIVIDADE CIENTÍFICA

### Relatorios

- *Red Multicéntrica de Excelencia en la Patología Inflamatoria Intestinal*  
Taller teórico-práctico: RM en la enfermedad perianal  
Dra. Romero Areste, Gisele. Maio e novembro 2019
- *Simposio. Actualización en el manejo onco-quirúrgico de la enfermedad metastásica hepática y el hepatocarcinoma*  
Diagnóstico por imagen de las lesiones metastásicas hepáticas  
Dra. Romero Areste, Gisele  
Maio 2019
- Congreso convxunto SOGACOT-GERPES  
Tumores óseos de células gigantes. Cristina García Durán. Setembro 2019
- XIV Xornada da Sociedade Galega de Radioloxía  
Ecografía Doppler: tipos de ondas e o seu significado  
Iria Couto Rodríguez
- XIII Congreso Galego de Radioloxía. Definición  
Protocolos e sistemático de estudio do paciente politraumatizado. Miguel Sineiro Galiñanes

- *Carcinoma de células de Merkel metastásico con regresión espontánea y recurrencia posterior durante tratamiento con vismodegib.*  
C. Couselo-Rodríguez, C. Feal-Cortizas, C. Álvarez-Álvarez, C. Gómez-Varela, Á. Iglesias-Puzas, Q. Rodríguez-Jato, M. Oro-Ayude, Á. Flórez.  
47 CONGRESO NACIONAL DE DERMATOLOGÍA Y VENEREOLOGÍA DE LA AEDV (Barcelona, xuño 2019).
- *MRI perfusion techniques in brain tumors: a primer for the radiologist.*  
Gómez Varela C., Couto Rodríguez I., Durán Vila M.D. 105th Scientific Assembly and Annual Meeting of the Radiological Society of North America (Chicago, USA. December 2019).

## Publicacións en revistas

- *Penile Doppler Ultrasound for Erectile Dysfunction: Technique and Interpretation.* AJR Am J Roentgenol.  
Gómez Varela C et al. 2020 Jan 28:1-10. DOI: 10.2214/AJR.19.22141. PMID: 31990215.

## ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Proxectos de investigación actual con participación por parte do Servizo de Radioloxía:

- Título: Estudo fase II con aleatorización 2:1 para comparar a eficacia e seguridade do tratamento con quimioterapia estándar más quizartinib fronte a quimioterapia estándar más placebo en pacientes adultos con LMA de novo diagnóstico co xene FLT3 non mutado.
- Estudo de extensión de upadacitinib fase IIIb aberto para o tratamiento de pacientes adultos con dermatitis atópica de moderada a grave que completasen o tratamento no estudo M16-046", co código de protocolo M19-850 e EudraCT 2019-001227-12. M-14745-42.
- Estudo clínico de fase IV internacional, multicéntrico, aberto e intervencionista para investigar a eficacia e a seguridade de tildrakizumab 100 mg en pacientes con psoriase en placas crónica moderada ou grave e o seu impacto na calidade de vida.
- Título: Estudo de fase IIb/III, dobre cego, multicéntrico, aleatorizado, de dobre simulación, controlado con placebo e fármaco activo, con grupos paralelos e ininterrompido de 52 semanas de duración para avaliar a eficacia e a seguridade de brazikumab en participantes con enfermidade de Crohn activa de moderada a grave. Código: DARVADSTROCEL-3003.
- Título: Seguimento dun estudio en fase III para avaliar a eficacia e a seguridade a longo prazo de darvadistrocel no tratamiento de fistulas perianais complexas, en pacientes con enfermidade de Crohn que participaron no estudio ADMIRE II. Título do protocolo: Estudo de fase 3, aleatorizado, en dobre cego, controlado con placebo e multicéntrico, para avaliar a eficacia e a seguridade de bimekizumab en suxeitos con hidrosadenite supurativa moderada ou severa.